

---

# IV CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA CULTURA ACCESIBLE E INCLUSIVA 2019

---

AXUDAS PARA FAVORECER A INCLUSIÓN E A  
ACCESIBILIDADE NA VIDA CULTURAL



## **Cultura Inclusiva** BASES DA CONVOCATORIA

Prazo de presentación de proxectos do 11 de novembro ao 2 de decembro de 2019

Coa colaboración de

## FUNDACIÓN EMALCSA

A Fundación Emalcsa ten entre os seus obxectivos e fins segundo os seus Estatutos:

- Diseñar, promover e realizar, de forma directa ou concertada, programas de integración social, prestacións sociais, promoción económica e fomento do emprego e todas aquelas actividades de colaboración e apoio ás funcións que o Concello da Coruña leve a cabo, ou teña previsto desenvolver no futuro, no marco da súa Política Social (Art. 6.a)
- Desenvolvemento e impulso de todo tipo de manifestacións culturais na cidade da Coruña, e difusión da cultura da cidade no mundo e especialmente no ámbito da Unión Europea (Art. 6.c)
- A promoción da igualdade de oportunidades e da integración social e laboral da poboación en xeral e especialmente das persoas e colectivos que poidan sufrir discriminación ou dificultade para a súa plena integración social por razón de idade, de déficits de formación, de diversidade funcional ou discapacidade, de padecer adiccións, ou de calquera outra causa (Art. 7.a.1.1)

Tendo en conta estes obxectivos e fins, **a Fundación EMALCSA realiza unha convocatoria de axudas para favorecer unha cultura accesible e inclusiva na cidade da Coruña. A convocatoria está dirixida a apoiar a entidades culturais que en colaboración con entidades de persoas con discapacidade presenten proxectos específicos que teñan algunha das finalidades a que se refire o apartado 1º da presente convocatoria.**

Estes proxectos deberán:

- estar especificamente deseñados para esta convocatoria
- contar cunha metodoloxía adecuada

## 2 | Bases IV Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva

Esta convocatoria ten como marco os seguintes textos:

- O Artigo 44 da Constitución Española, que afirma o dereito de todos á cultura, sendo os poderes públicos os que promoverán e tutelarán o acceso á mesma.
- O artigo 30 da Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade da ONU do 13 de decembro de 2006, que confirma o seu dereito de participación na vida cultural como espectadores e como creadores, en igualdade de condicións e considera como patrimonio da sociedade as creacións das persoas con discapacidade.
- A Estratexia integral española de cultura para todos, que ten como obxectivo mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade aos espazos e actividades culturais, fomentar a súa participación na creación artística e a súa contratación polos espazos, equipamentos e actividades culturais.

---

### 3 | Bases IV Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva

## 1. OBXECTO E FINALIDADE DA AXUDA

É obxecto desta convocatoria outorgar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar economicamente ás entidades culturais na execución de proxectos de Cultura Accesible e Inclusiva atendendo ás diversidades existentes.

Establécense tres tipos de fins dos proxectos subvencionables dentro da presente convocatoria:

- a. Aumentar a accesibilidade a lugares físicos ou virtuais onde se ofrezan representacións ou servizos culturais tales como teatros, museos, cinemas, bibliotecas, páxinas web ou outros.
- b. Elaboración de material e/ou desenvolvemento de programación e de actividades culturais en formatos accesíbeis.
- c. Fomentar que as persoas con discapacidade poidan desenvolver e utilizar o seu potencial creativo, artístico e intelectual, non só no seu propio beneficio senón tamén para o enriquecemento da sociedade.

Características das axudas:

- a) O importe total da convocatoria destinado ás axudas é de CEN MIL EUROS (100.000,00€).
- b) A concesión das subvencións efectúase en réxime de concorrencia competitiva.
- c) O importe de cada subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da actividade subvencionada.
- d) O orzamento máximo susceptíbel de ser subvencionado pode alcanzar ata o 100% do importe total do proxecto.
- e) Cada entidade só poderá presentar un proxecto.
- f) A contía mínima que se poderá conceder a cada proxecto será de TRES MIL EUROS (3.000€) e a máxima de DEZ MIL EUROS (10.000€).

## 2. REQUISITOS DOS PROXECTOS A PRESENTAR

O proxecto presentado nesta convocatoria deberá:

- a) Contar cunha planificación e metodoloxía específica para garantir a consecución dos obxectivos de desenvolvemento persoal, integración e transformación social, aos que pretende contribuír esta convocatoria.
- b) Ter unha duración máxima ata o 31 de agosto de 2020.
- c) Contribuír como mínimo a un dos fins definidos no apartado 1 da presente convocatoria.
- d) Ter o seu ámbito de realización no termo municipal da Coruña.
- e) Realizarse en colaboración cunha entidade de persoas con discapacidade que teña sede na cidade e que estea rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC).

### 3. REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán concorrer a esta convocatoria as entidades que reúnan os seguintes requisitos, ademais dos dispostos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións:

- a. Que sexan **entidades culturais**.
- b. Que sexan **privadas e sen fin de lucro**.
- c. Que estean **legalmente constituídas**.
- d. Que teñan a **sede social no termo municipal da Coruña**.
- e. Que estean **rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC)**.
- f. Que se atopen ao corrente no **cumprimento das obrigacións tributarias e de Seguridade Social**, no seu caso.
- g. Que estean ao **corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa**, no momento de concesión da axuda.
- h. Que no exercicio da súa actividade **non fose sancionada nin condenada** por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de Igualdade.
- i. Que no exercicio da súa actividade utilicen **unha linguaxe non sexista**, unha **comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante** segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- j. Que **as persoas da entidade** (incluído o persoal voluntario e contratado para o efecto), **que traballe en actividades que impliquen contacto habitual con menores acrediten que non foron condenados por sentenza firme** por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos mediante a posesión da correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (artigo 13.5 da Lei 26/2016, do 28 de xullo que modifica a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección Xurídica do Menor).

Estes requisitos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación das solicitudes de subvención, debéndose manter todos eles ao longo do tempo que dure o proxecto presentado.

---

## 7 | Bases IV Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva

Coa colaboración de:



## 4. CONDICIÓN DE FINANCIAMENTO

Considéranse **gastos elixibles** aqueles que de maneira indubidable sexan necesarios para atender á natureza do proxecto exposto e que se realicen durante o período de execución do mesmo (data límite: 31 de agosto de 2020) en base ás seguintes especificacións:

- a) Gastos do persoal directamente implicado no proxecto proposto.
- b) Desprazamentos (viaxes, aloxamentos e manutención).
- c) Equipamento cultural ou gastos relacionados coa montaxe de eventos culturais.
- d) Comunicación e márketing.
- e) Gastos para a eliminación de barreiras físicas ou sensoriais en lugares onde se desenvolvan as actividades do proxecto.
- f) Poderá incluírse como gastos indirectos do proxecto gastos xerais da entidade co límite do 10% do orzamento inicial ou do gasto executado se é menor.

Considerarase **gasto realizado** o que foi efectivamente facturado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A obtención con posterioridade á concesión da axuda por parte de Fundación Emalcsa doutras axudas para o mesmo proxecto procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados nacionais ou internacionais, comunicarase de inmediato por escrito á Fundación Emalcsa, especificando a contía e destino que se dará aos devanditos fondos dentro do proxecto.



## 5. PRAZO E PRESENTACIÓN DO PROXECTO

As entidades deberán dirixir as súas solicitudes persoalmente, por mensaxería ou por correo postal certificado achegando unha copia impresa dos documentos relacionados no apartado 6 das bases a:

Fundación Emalcsa

### IV CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA CULTURA ACCESIBLE E INCLUSIVA- 2019

R/ Manuel Murguía. Edificio Casa da Auga s/n Andar 7ª 15011 A Coruña

**O prazo de presentación dos proxectos nas dependencias da Fundación Emalcsa finalizará o 2 de decembro de 2019 ás 13 horas.**

No caso de envío por correo certificado aceptaranse as solicitudes cuxa data de cuños non sexa posterior á de finalización da convocatoria.

Así mesmo, o Formulario de presentación de proxectos dispoñible na páxina web da Fundación Emalcsa [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es) que deberá enviarse en formato electrónico á dirección [culturaaccesiblesecretaria@gmail.com](mailto:culturaaccesiblesecretaria@gmail.com) dentro do prazo anteriormente sinalado.

A presentación a esta convocatoria implica a plena aceptación das súas bases.

## 6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- a. **Instancia de solicitude e formulario de presentación de proxecto** segundo modelo establecido pola Fundación Emalcsa dispoñible na súa páxina web Emalcsa [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es).
- b. **Estatutos** polos que se rexe a entidade (agás que os presentara na convocatoria anterior e non se modificaran).
- c. Certificación dos **datos bancarios** da entidade (orixinal expedido pola entidade bancaria).
- d. **Balance e conta de resultados normalizados** (adaptados ao Plan Xeral Contable) do **ano 2018**.
- e. Certificados acreditativos de que a entidade se atopa ao **corrente no pago das súas obrigacións tributarias co Estado**.
- f. Certificado acreditativo de estar ao **corrente das súas obrigacións fronte á Seguridade Social**.
- g. **Compromiso de colaboración coa entidade ou entidades que participen no proxecto**, segundo modelo establecido pola Fundación Emalcsa dispoñible na súa páxina web [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es).
- h. **Documentación acreditativa respecto á inclusión de persoas con discapacidade** na entidade en caso de indicar este aspecto no formulario de solicitude.
- i. **Declaración responsable** (segundo modelo establecido pola Fundación Emalcsa dispoñible na súa páxina web [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es)).
  1. **De que a entidade non está incurso en ningún dos supostos de prohibición establecidos no art. 13 da Lei 38/2003**, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
  2. Que a entidade está **ao corrente das obrigacións establecidas en convocatorias anteriores** do Concello da Coruña e da Fundación Emalcsa, no momento de concesión da axuda.
  3. Relativa a que a entidade no exercicio da súa actividade non **fose sancionada nin condenada por resolución administrativa ou por resolución xudicial firme por incorrer en discriminación** nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de Igualdade.

4. **De que no exercicio da súa actividade utilicen unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empreguen a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante** segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
5. **Relativa a que todas as persoas da entidade (incluído o persoal voluntario e contratado para o efecto), que traballe en actividades que impliquen contacto habitual con menores, acrediten que non foron condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos contan coa correspondente certificación negativa expedida polo Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (artigo 13.5. da Lei 26/2016, do 28 de xullo que modifica a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección Xurídica do Menor).**

Os documentos deberán ser orixinais, copias autenticadas ou fotocopias debidamente compulsadas.

En relación o formulario de presentación, as entidades solicitantes poderán achegar toda aquela documentación complementaria que estimen oportuna para a mellor valoración da súa solicitude.

A Fundación Emalcsa garante a confidencialidade da documentación achegada polas entidades solicitantes.

## 7. TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

Toda a comunicación coas entidades relativa a esta convocatoria realizarase a través do correo electrónico que indicase a entidade na súa solicitude.

No caso de observar algún erro emendable ou falta de documentación unha vez recibidas as solicitudes, a Fundación Emalcsa poñerá en coñecemento da entidade solicitante o problema detectado e a entidade terá 48 horas para a súa corrección desde o envío do correo electrónico por parte da Fundación Emalcsa.

Aquelas solicitudes que se presenten fora do prazo establecido, que non se axusten ás bases, ou que non emenden os erros ou carencias na solicitude nos termos do parágrafo anterior, quedarán excluídas da presente convocatoria.

A entidade solicitante e os proxectos recibidos dentro do prazo e que cumpran os requisitos establecidos serán avaliados por un Comité Técnico que elevará a súa proposta ao órgano competente da Fundación Emalcsa, que adoptará a correspondente resolución.

O Comité Técnico de avaliación será designado polo Padroado da Fundación ou en quen delegue o mesmo.

O Comité Técnico poderá reunirse, se o estima oportuno, con representantes da entidade solicitante, ou ben solicitar da mesma información adicional sobre o proxecto ou a organización.

O proxecto poderá ser considerado na súa totalidade ou para unha parte da axuda solicitada. Neste último caso, para considerar firme a concesión, a entidade deberá presentar xustificación do financiamento complementario ou presentar unha reformulación para adaptar o alcance do proxecto.

A resolución das solicitudes terá carácter irrevogable e será publicada na web [www.fundacionemalcsa.es](http://www.fundacionemalcsa.es). Todas as entidades presentadas recibirán comunicación por correo electrónico da resolución da convocatoria.

Non se devolverá a documentación dos proxectos non seleccionados, que será destruída.

## 8. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

- 1) **Valoración da entidade.** Ata 50 puntos. Para proceder á valoración das entidades solicitantes terase en conta:
- a. A experiencia demostrada pola entidade na xestión de actividades culturais: ata 10 puntos. Valoraranse as actividades culturais realizadas nos 3 últimos anos a contar dende a data de publicación da presente convocatoria. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
    - Máis de 10 actividades: 10 puntos
    - Entre 5 e 10 actividades: 5 puntos
  - b. Representación de mulleres na composición da xunta directiva ou padroado: ata 10 puntos. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
    - 50% ou máis de mulleres: 10 puntos
  - c. Inclusión de persoas con discapacidade na entidade. Que a entidade teña como membros da mesma (asociados, traballadores ou voluntarios) a persoas que teñen un grao de discapacidade do 33% ou superior: ata 10 puntos. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
    - Máis de 5 persoas con un grao de discapacidade do 33% ou superior: 10 puntos
    - Entre 1 e 5 persoas con un grao de discapacidade do 33% ou superior: 5 puntos
  - d. Capacidade económica da entidade en relación ao proxecto. Que a entidade dispoña de estrutura e medios que aseguren a viabilidade de execución do proxecto presentado: ata 10 puntos. Valorarase o orzamento liquidado do ano 2018 en relación ao orzamento do proxecto. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
    - Orzamento liquidado da entidade de 2018/Orzamento do proxecto solicitado > 5: 10 puntos
    - Orzamento liquidado da entidade de 2018/Orzamento do proxecto solicitado entre 5 e 2: 5 puntos
  - e. Experiencia na xestión de proxectos subvencionados. Que a entidade xestionase adecuadamente outras subvencións nos últimos 5 anos a contar dende a data de publicación da presente convocatoria, ata 10 puntos. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
    - Foi receptora de máis de 5 subvencións de entidades públicas nos últimos 5 anos: 10 puntos

- Foi receptora de máis de 1 e menos de 5 subvencións de entidades públicas nos últimos 5 anos: 5 puntos

2) **Valoración do proxecto presentado.** Ata 100 puntos. Para proceder á valoración dos proxectos terase en conta:

- Claridade e precisión no obxectivo do proxecto ata 10 puntos. A valoración realizarase atendendo á seguinte especificación:
  - O/os obxectivo/s está/n claramente definido/s e estableceuse indicadores de medición dos mesmos: 10 puntos
  - O/os obxectivo/s definido/s serían fáciles de medir: 6 puntos
  - O/os obxectivo/s son moi indefinidos e difíciles de establecer indicadores (non son fáciles de medir): 3 puntos
- Participación no proxecto de máis de 1 entidade de persoas con discapacidade: ata 20 puntos
  - Participa máis de 5 entidades de persoas con discapacidade: 20 puntos
  - Participa de 3 a 5 entidades de persoas con discapacidade: 15 puntos
  - Participan de 1 a 3 entidades de persoas con discapacidade: 10 puntos
- A orientación do proxecto con respecto á inclusión (as persoas con discapacidade participan con roles similares ás persoas sen discapacidade na actividade ou evento): ata 10 puntos
  - O proxecto inclúe máis de 1 actividade ou evento de inclusión: 10 puntos
  - O proxecto só inclúe 1 acción de inclusión: 5 puntos
- As actividades e tarefas a realizar están definidas con precisión (descrición da actividade ou evento; data aproximada de realización; número estimado de persoas que participarán...): ata 10 puntos
  - As tarefas e actividades están ben definidas: 10 puntos
  - As tarefas e actividades están regularmente definidas: 6 puntos
  - As tarefas e actividades NON están ben definidas: 3 puntos
- Precisión (detalle a nivel de facturación) e axuste a prezos de mercado do orzamento do proxecto: ata 10 puntos
  - O orzamento do proxecto é preciso e ten as cantidades axustadas a prezo de mercado: 10 puntos

**14** | Bases IV Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva

- O orzamento do proxecto é POUCO preciso ou NON ten BEN as cantidades axustadas a prezo de mercado: 3 puntos
- f. Difusión prevista do proxecto ante a opinión pública, para a sensibilización da sociedade. Existencia dunha proposta de difusión: ata 10 puntos.
- Existe unha proposta de difusión clara (acto de presentación, actividade aberta ao público, intervencións en medios de comunicación, redes sociais...): 10 puntos
  - Existe unha proposta de difusión que contén só algunhas descricións da difusión: 6 puntos
  - A difusión do proxecto non está descrita con suficiente precisión: 3 puntos
- g. Inclusión no proxecto de colectivos de persoas que están en exclusión ou risco de exclusión social: ata 10 puntos
- O proxecto ten previsto a integración de máis de 1 colectivo en exclusión ou risco de exclusión social: 10 puntos
  - O proxecto ten previsto a integración de 1 colectivo en exclusión ou risco de exclusión social: 5 puntos
- h. Participación no proxecto de colectivos de persoas en idade escolar: ata 10 puntos
- O proxecto ten previsto a participación de máis de 1 colectivo en idade escolar: 10 puntos
  - O proxecto ten previsto a participación de 1 colectivo en idade escolar: 5 puntos

## 9. FORMALIZACIÓN DA COLABORACIÓN E FORMA DE PAGO

A colaboración formalizarase mediante a firma dun convenio entre a Fundación Emalcsa e cada unha das entidades cuxo proxecto fose seleccionado. Os dereitos e obrigacións que contraian as partes quedarán reflectidos no devandito convenio que incluírá, entre outros, os seguintes puntos:

- a) O importe da axuda concedida.
- b) O prazo de execución do proxecto.
- c) A forma de pago.
- d) A xustificación do gasto.
- e) Os mecanismos de seguimento e avaliación do proxecto, así como a presentación de informes.

A realización do proxecto e a súa titularidade serán de exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria da axuda. A Fundación Emalcsa realizará o abono da cantidade concedida nun único pago, nun prazo máximo de 1 mes dende a firma do convenio de colaboración referido no apartado anterior, na conta bancaria da entidade indicada na solicitude.



## 10. OBLIGACIONES DE LAS ENTIDADES BENEFICIARIAS DE LAS AYUDAS

1. Aceptar a subvención e, no caso de que isto non sexa posible, proceder á renuncia expresa da mesma.
2. Realizar as actividades axustándose aos termos da solicitude.
3. Asumir ao seu cargo a exclusiva responsabilidade do funcionamento da entidade e da realización do proxecto subvencionado.
4. Proporcionar á Fundación EMALCSA ou ás entidades ou persoas ás que esta poida subcontratar, a información funcional, económica e estatística que se lle requira a efectos de seguimento, avaliación e planificación, así como facilitar a realización de cantas visitas de recoñecemento considérense necesarias.
5. Informar á Fundación EMALCSA das modificacións do proxecto. As entidades que reciben axudas no marco desta convocatoria quedan obrigadas a comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte gravemente o desenvolvemento do proxecto aprobado. Necesitarase a autorización previa e expresa da Fundación Emalcsa para calquera modificación substancial dun proxecto, entendendo por tal aquela que afecte os obxectivos do mesmo, aos/as beneficiarios/as, ao lugar ou ao prazo de execución ata 2 meses ou a diferenzas de ata un 20% nas partidas contempladas no orzamento. As solicitudes de modificacións substanciais do proxecto deberán estar suficientemente motivadas e deberán formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que as xustifiquen. No prazo máximo de 1 mes desde a solicitude de modificación, enviarase á entidade a correspondente autorización ou denegación. No caso de modificacións non incluídas nas categorías descritas anteriormente, bastará coa súa comunicación no informe final.
6. Enviar á Fundación EMALCSA, nun prazo máximo de 1 mes dende a finalización do proxecto o informe final descritivo das actuacións e de xustificación do gasto e un pequeno informe de cada unha das entidades de persoas con discapacidade e dos colectivos en exclusión ou risco de exclusión social.

## 11. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR NO INFORME FINAL

Nun prazo máximo de 1 mes dende a finalización do proxecto, a Entidade responsable deberá presentar unha memoria final descritiva do proxecto xunto coa lista de actuacións realizadas e a xustificación do gasto, segundo modelos que facilitará a Fundación Emalcsa.

A xustificación dos gastos realizarase mediante achega de listaxe de xustificantes de gasto, segundo modelo que se facilitará, dispoñendo desde o momento da presentación do informe á Fundación Emalcsa de orixinais cun selo identificativo do proxecto e da entidade, na sede da entidade. Non se admitirán xustificantes de gasto con data anterior ao comezo do proxecto.

Os gastos xerais non necesitarán xustificación.

A valoración do proxecto polas entidades de persoas con discapacidade e dos colectivos de persoas en exclusión ou risco de exclusión social que participaron no mesmo, farase coa presentación dun informe das mesmas valorando a execución do proxecto.

A Fundación Emalcsa comunicará formalmente nun prazo de catro meses tras a recepción do informe final a aprobación ou non, no seu caso, do devandito informe. Dita aprobación dará lugar á extinción do convenio, sen prexuízo dos resultados que poidan arroxar as auditorías externas. Se non se recibise o escrito de aprobación do informe final no prazo máximo de 4 meses, considerarase extinguido o convenio.

A Fundación Emalcsa, ben directamente ou ben a través da subcontratación de terceiros procederá ao exame dos informes finais das entidades. A Fundación Emalcsa poderá solicitar información complementaria, solicitar a presentación de documentos acreditativos do gasto ou realizar avaliacións in situ do proxecto aprobado.

As entidades beneficiarias deberán someterse ás actuacións de comprobación que sobre os proxectos leven a cabo a Fundación Emalcsa ou as entidades ou persoas ás que esta poida subcontratar o seguimento, así como a cantas outras comprobacións efectúense ao amparo das presentes bases.

## 12. INCUMPRIMENTOS

As entidades beneficiarias das axudas comprométense ao reintegro das cantidades recibidas nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obrigaón de presentación de informes das actuacións realizadas e de xustificación do gasto.
- b) Incumprimento grave de obxectivos para os que a colaboración foi concedida.
- c) Supostos en que os gastos non se levasen a cabo por calquera causa ou se modificasen substancialmente os proxectos sen autorización expresa da Fundación Emalcsa.
- d) A inobservancia de calquera outra condición imposta con motivo da concesión da axuda.
- e) Obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas para iso.

A Fundación Emalcsa, por si mesma ou os seus servizos de auditoría, poderán solicitar, no prazo de dous anos a contar desde a resolución da presente convocatoria, tanta información técnica e financeira estimen oportuna para proceder á verificación ou control da execución do proxecto e dos seus resultados.

O incumprimento de calquera condición establecida con motivo da concesión da axuda terá, ademais, como efecto inmediato a imposibilidade de obter colaboración económica da Fundación Emalcsa en posteriores convocatorias.

## 13. PUBLICIDADE

As organizacións beneficiarias de axudas a través desta convocatoria deberán facer constar en toda a documentación, información e publicidade que realicen no marco do proxecto subvencionado, a colaboración da Fundación Emalcsa, de acordo cos formatos facilitados pola mesma.

A título enunciativo, sen prexuízo doutras posibilidades, farase constar en:

- a) Locais onde se realicen as actividades.
- b) Portada de programas, folletos e carteis que se editen.
- c) Medios de comunicación nos que se faga mención do proxecto subvencionado.
- d) Notas e roldas de prensa.
- e) Pancartas.

A entidade seleccionada entregará en formato electrónico, anexo xunto co informe final do proxecto, toda a publicidade vinculada ao mesmo.

## 14. INFORMACIÓN E CONSULTAS

Habíltase un teléfono e un correo electrónico de información e consultas relacionadas coa IV Convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva:

- Teléfono: 627 251 278
- Correo electrónico: [culturaaccesiblesecretaria@gmail.com](mailto:culturaaccesiblesecretaria@gmail.com)